

Bos días e benvidos a todas e a todos.

Nuns tempos de manifestas dificultades, conceptos como a responsabilidade social empresarial e a recuperación dos valores perdidos, están alcanzando o seu verdadeiro senso.

Deste xeito as empresas buscan a mellor maneira de relacionarse co seu entorno mais próximo, tratando así de ser respectuosas como medio ambiente, mellorando a calidade de vida dos seus traballadores, fomentando a formación e investindo parte dos seus beneficios en actividades que van desde a recuperación do patrimonio histórico ó patrocinio de actividades culturais.

Recuperando a idea orixinal da responsabilidade e dos valores, considero que o colectivo empresarial xunto cos demais estamentos sociais aquí representados estamos na obriga de preservar o legado que recibimos en herданza dos nosos devanceiros.

Unha parte moi importante dese legado e o noso idioma . Coido entón, que debemos como vos labregos, cultivalo e conservalo vivo de maneira que as vindeiras xeracións poidan gozar dunha lingua que enriquece a quen a fala.